

BASES DE ACCIÓN EXTERIOR

CONCELLO DA CORUÑA 2018-2020

**BAEX A CORUÑA,
MARZO 2019**

Coa colaboración do:

INSTITUTO
GALEGO
DE ANÁLISE
E DOCUMENTACIÓN
INTERNACIONAL



**I
GA
DI**

ÍNDICE

PRIMEIRA PARTE: PRESENTACIÓN.

1. O PAPEL DAS CIDADES NO S. XXI. A CORUÑA GLOBAL?	5
2. METODOLOXÍA	9

SEGUNDA PARTE: A ACCIÓN EXTERIOR NA CORUÑA HOXE.

3. MARCO LEGAL E INSTITUCIONAL DAS BAEX A CORUÑA 2018-2020	17
3.1. A nova arquitectura legal da acción exterior no Estado español e Galicia	17
3.2. A Axenda Urbana e a dimensión comunitaria	20
3.3. Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible e ONU Hábitat III	20
4. DIAGNOSE EXTERNA; O DIÁLOGO MULTIACTOR COA SOCIEDADE CIVIL DA CORUÑA	23
5. DIAGNOSE INTERNA; A ACCIÓN EXTERIOR NO CONCELLO DA CORUÑA	27
5.1. Antecedentes da Acción Exterior e planificación actual do Concello	28
5.2. Os instrumentos da Acción Exterior do Concello	30
5.2.1. Irmandamentos	30
5.2.2. Redes de cidades	32
5.2.3. Radiografía de accións sectoriais	34
5.3. Análise DAFO	35
6. DEFINICIÓN DO MARCO LÓXICO	39

TERCEIRA PARTE: O PLAN DE ACTUACIÓN 2018-2020.

7. O PLAN DE ACTUACIÓN 2018-2020	45
7.1. Misión e visión	45
7.2. Principios transversais	46
7.3. Marca internacional do Concello da Coruña	47
7.4. Áreas xeográficas de interese	48
7.5. Obxectivos específicos, Resultados e Actividades chave	50
8. BIBLIOGRAFÍA	55

TÁBOAS RESUMO.

• Metodoloxía	12
• Implicación para a Administración local da nova arquitectura exterior do Estado	18-19
• Marco legal e contexto institucional BAEX	21
• Entidades consultadas para a diagnose externa	23
• DAFO económico	25
• DAFO sociocultural	25
• Persoal chave na acción exterior municipal	27
• Irmandamentos	31
• Redes de cidades	32/33
• Radiografía de accións sectoriais	34
• DAFO institucional	36
• Plan de actuación 2018-2020	50/51/52

PRIMEIRA PARTE

PRESENTACIÓN

1. O PAPEL DAS CIDADES NO S.XXI. A CORUÑA GLOBAL?

A natureza dos municipios e do goberno local mudou de maneira moi significativa nos últimos cincuenta anos, o que trouxo innumerables cambios operativos para a vida urbana e afectoulle ao desenvolvemento local, o benestar das sociedades e as políticas públicas para impulsar dende os concellos¹. Tanto a nivel galego como global este cambio de paradigma no goberno local veu producido pola rapidísima urbanización, a descentralización ligada ás ondas de expansión democrática e a multiplicación das interdependencias globais (da liberalización económica ao cambio climático).

Estas mudanzas configuran as cidades actuais como figuras concretas no marco histórico da globalización e a explosión das Tics (tecnoloxías da información e a comunicación), situándoas como centros de poder político, económico, cultural e simbólico². Esta tendencia en Galicia expresada de maneira moi potente nas últimas décadas³ segue a mesma lóxica a nivel mundial e as estimacións indican que seguirá a aumentar exponencialmente

durante o S. XXI. Desta maneira a urbanización e o rol central das cidades na gobernanza dos territorios será unha característica fundamental do S. XXI⁴.

As cidades dos nosos días desenvólvense así froito da súa capacidade de aglomeración e concentración de persoas, servizos, empresas, talento e conectividade global; xa sexa por medio de infraestruturas físicas, dixitais e se callar máis importantes, as relacionais⁵. Este novo escenario deu por impulsar a necesidade da acción exterior municipal como unha dimensión máis dos gobernos locais⁶, situándonos nun cambio de paradigma dos modelos de xestión do goberno local en todo o mundo.

As cidades da globalización prodúcense para ter funcionalidades específicas dentro dos fluxos económicos e de coñecemento que diariamente se realizan a nivel planetario e que configuran a vida, as ameazas e as oportunidades dos territorios e as sociedades que as habitan. Como exemplos máis recoñecibles, cidades coma Nova York, Londres, París ou Xangai son hoxe megacidades con máis

1. FERNÁNDEZ DE LOSADA PASSOLS, A. (2014): «Revisión conceptual del fenómeno de la inserción internacional de los gobiernos locales y regionales». *Clib BCN*. Barcelona, España.

2. BORJA, J. e CASTELLS, M. (1997): «Local y global, la gestión de las ciudades en la era de la información», Madrid, Taurus.

3. PRECEDO LEDO, IGLESIAS e FERNANDEZ JUSTO (2008): «Galicia: El tránsito hacia una sociedad urbana en el contexto de la Unión Europea», Revista galega de economía.

4. BARBER (2013): *Si los alcaldes gobernarán el mundo. Naciones disfuncionales e emerxencia das cidades*.

5. CASTELLS, M. (2017): «El poder de las ciudades en un mundo de redes» en *VANGUARDIA Dossier*, num. 67 «El poder de las ciudades».

6. BADÍA I DALMASES, F. (2009): «Los gobiernos locales en la acción exterior», *CIDOB*, Barcelona.

poboación, maior poder económico e peso político específico que moitos dos estados recoñecidos na sociedade internacional⁷.

Mais non só as megalópoles ou as grandes capitais precisan coñecer e promover o seu lugar no mundo. Nun planeta onde todas vivimos interconectadas, os territorios precisan conectarse ao internacional de maneira consciente, como parte central do modelo e marca da cidade. Precísase poñer en valor as capacidades e potencialidades, do económico ao cultural, pasando polo turístico, ao talento das súas cidadanías, a riqueza das empresas e a sociedade civil que cohesiona e internacionaliza o territorio; os clubs deportivos, os centros de coñecemento, os referentes culturais locais...

No marco do Estado español e de Galicia estas transformacións nos gobernos locais son tamén ben notables e recoñecibles máis alá de Madrid ou Barcelona. Desde a transición democrática e o ingreso na Unión Europea coa Carta de Autonomía Local (1985) como salvoconduto para a internacionalización do poder local; a acción exterior dos municipios españois e galegos non parou de medrar de maneira máis ou menos consciente e máis ou menos desordenada, tanto cuantitativamente como cualitativamente a progresión é escalada⁸. A Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) hai anos que ten unha sección de traballo de relacións internacionais, e en comunidades autónomas coma Andalucía, Catalunya ou Euskadi existe unha promoción activa por parte dos gobernos autonómicos e as deputacións provinciais de impulsar políticas de promoción internacional dende o local.

Das xa clásicas figuras dos irmandamentos como accións fundacionais das relacións internacionais

dos municipios ás relacións bilaterais actuais, ás accións de promoción turística, cooperación internacional ou impulso de redes de cidades, a acción exterior desde o local non parou de desenvolverse e reinventarse⁹. O documento de estudo que presentamos achégase a un minuto cero da reflexión arredor do papel internacional da Coruña e dende a propia institución municipal de maneira particular. As BAEX Coruña queren activar unha política pública en construción que debe concibirse desde a transversalidade do goberno local, na procura da integración e cohesión das accións que conectan o territorio co internacional, evitando dispersións e concentrando esforzos.

A Coruña cidade global?

Sendo unha cidade media tanto a nivel español como europeo, A Coruña conta con todas as particularidades económicas, sociais e culturais; xunto cun perfil xeográfico e sociolóxico ben definido e atractivo para aproveitar as súas fortalezas a prol dun posicionamento internacional con retorno para a súa sociedade.

A súa balanza comercial positiva¹⁰ xunto co aumento do número de visitantes e dinamismo turístico, amosa unha tendencia clara de consolidación como cidade internacional de referencia no marco atlántico. Ademais as ligazóns internacionais da sociedade civil coruñesa na súa relación co internacional, (no que destacan grandes entidades culturais, educativas ou deportivas con recoñecida proxección global) e a propia historia institucional do Concello promoveron distintas rutas ao internacional que cómpre ordenar e poñer en valor, na procura dun posicionamento global efectivo e eficiente ademais de coherente.

7. CURTIS, S. (2017): «Las ciudades globales y el futuro del orden mundial» en *VANGUARDIA Dossier*, num. 67 «El poder de las ciudades».

8. GONZÁLEZ PALAU, D. (2009): «Irmandamentos en Galicia: Globalización, redes e goberno local», Igadi.


9. No documento de Anexos, «Estudo comparado de internacionalización de entidades locais».

10. A balanza comercial da Coruña e da súa área metropolitana segue unha tendencia positiva e constante dende hai dúas décadas, desprazando ao sistema produtivo de Vigo coma primeira área exportadora galega. Cómpre destacar o papel do porto e os servizos loxísticos, mais de maneira especial o téxtil e o efecto arrastre producido por Inditex.

Ver «Informe de comercio exterior de Galicia 2017» ICEX Galicia «Informe económico y de competitividad de la economía gallega 2017», ARDÁN.

Agregar e coordinar os esforzos institucionais nos seus distintos niveis xunto cos dos axentes centrais da visibilidade internacional da cidade e área metropolitana, desde as particularidades tanxibles e intanxibles da Coruña, asentará as capacidades locais para un relato global con imaxe e potencialidade internacional¹¹.

O presente documento de Bases de Acción Exterior da Coruña (BAEX A Coruña dende agora) representa un punto de inflexión á hora de pensar a institucionalidade do Concello e o seu deseño na relación co internacional na vista longa do S. XXI, de particular interese no contexto que abre a recentemente aprobada pola Xunta de Galicia -Estratexia Galega de Acción Exterior Post 2020.



11. ALLAS PROYECTO (2012-2015): «Cuadernos para la internacionalización de las ciudades», www.proyectoallas.net.

2.METODOLOXÍA.

O estudo das BAEX A Coruña defíníuse primeiramente tendo presente a nova arquitectura da acción exterior española, con grande impacto na acción exterior autonómica¹² e no contexto global dun poder local cada vez máis internacionalizado.

Sendo conscientes deste novo contexto avanzamos en primeiro lugar coa realización dunha diagnose da internacionalización do territorio e a sociedade civil da Coruña (diagnose externa), identificando entre outras cuestións as lóxicas da súa presenza internacional, as fortalezas e debilidades presentes, as expectativas diante da acción exterior municipal ou as posibilidades de colaboración mutua. Nun segundo momento realizamos unha diagnose interna no ámbito institucional do Concello e rexistramos a historia da acción exterior do municipio e o seu estado actual. **Tanto a diagnose interna como a externa rematan con análises DAFO corais; o que nos permitiu contar cunha análise da situación completa na idea de identificar o plan de actuación para o período 2018-2020, mediante a planificación estratéxica orientada a resultados; neste caso concretada pola metodoloxía de formulación de proxectos -Enfoque do Marco Lóxico.**

¹².Coma veremos no punto 3 das BAEX A Coruña 2018-2020, -Marco legal e contexto institucional nas BAEX.



A consecución destes proceso conseguiuse por medio de cinco **actividades** realizadas polo equipo do IGADI de maneira simultánea entre xullo e decembro de 2017; reforzadas durante o primeiro trimestre de 2018 tras a aprobación polo Consello da Xunta da Estratexia Galega de Acción Exterior Post 2020 o 1 de febreiro do presente ano.

O documento final completouse coas suxestións recibidas durante o encontro coas persoas e entidades consultadas para a realización do documento das BAEX A Coruña, realizado en María Pita o pasado 11 de decembro de 2018. Posteriormente realizáronse xuntanzas cos distintos grupos políticos municipais presentes no Pleno para coñecer a súa opinión arredor do documento e recoller as súas suxestións e inqedanzas sobre este.

A1.1. Identificación do marco institucional e contexto local e global da acción exterior local.

Entre os meses de xullo e setembro de 2017 realizouse a primeira fase da documentación, identificando fontes primarias de información públicas e privadas e marcos xurídicos e de planificación.

Ao tempo dende o comezo traballouse elaborando unha base de datos de identificación de actores relevantes da cidade nos distintos ámbitos de atención a este documento de Bases:

actores institucionais, económicos, turísticos, socioculturais, deportivos e entidades de ámbito internacional presentes na Coruña.

Dende o primeiro momento identificamos que tanto a Estratexia Galega de Acción Exterior¹³ como o Plan Estratéxico de Turismo Local 2017-2020¹⁴ e a EIDUS 2017-2022¹⁵ delimitaban con claridade o marco e contexto institucional onde desenvolver as BAEX.

A2. Identificación dos principais actores internacionais da cidade e realización de 15 encontros individuais.

A principal misión da acción exterior municipal é a de promover e capacitar a cidadanía e as súas organizacións para unha internacionalización eficaz que redunde no conxunto do desenvolvemento local. Desta maneira, alén da realización da diagnose interna, precisabamos antes de nada coñecer aos actores centrais da proxección exterior da Coruña como cidade.

Desta maneira, coñecer o estado de internacionalización destes actores foi a principal produción de fonte de coñecemento para artellar as

claves principais do pensamento estratéxico para a futura acción exterior do Concello, obviamente tendo tamén presente a diagnose interna producida ao interior do Concello coma institución.

O proceso de recollida de datos confirmounos que A Coruña é xa unha cidade internacional, caracterizada polo dinamismo da súa sociedade civil, arraigada polo mundo, por medio de entidades económicas e empresariais nas que destaca o exemplo de Inditex de maneira particular, mais tamén clubs deportivos,

13. Aínda que a EGAEX non estaba aprobada no momento de inicio do estudo das BAEX A Coruña, o seu borrador era público e permitiunos coñecer as liñas maestras do documento e darlle seguemento ao proceso de aprobación final da EGAEX.

14. Presentado o 6 de xullo de 2017.

15. Aprobado en Pleno o 12 de decembro de 2016.

asociacións culturais, científicas ou educativas e solidarias.

Como soporte metodolóxico para a posterior realización das entrevistas con estes actores, elaborouse unha enquisa tendente a focalizar

nas demandas, expectativas e inquietudes que os respectivos actores entrevistados teñen con respecto á elaboración dunhas Bases de Acción Exterior para a cidade¹⁶.

As entrevistas desenvolvéronse entre os meses de setembro e decembro de 2017.

A3. Identificación de posicións relevantes no organigrama municipal en relación coa acción exterior e intercambio de información con 11 responsables técnicos do Concello.

O proceso de produción de fontes de información propias continuou coa realización dunha serie de entrevistas con persoal municipal, que xunto coa recompilación de documentación permitiunos elaborar un mapa da acción exterior impulsada desde as distintas concellarías, contando cunha perspectiva histórica e á súa vez actual das relacións internacionais do Concello.

Ademais, diagnosticar a evolución histórica do estado dos instrumentos clásicos da acción exterior municipal: irmandamentos, redes de cidades e actividades sectoriais, axudaranos á hora de propor unha visión estratéxica asumible para e con proxección de futuro.

Coñecer a historia recente do traballo nesas áreas de traballo permitiunos identificar o mapa da conectividade internacional municipal e a xénese do modelo latente de acción exterior municipal.

A4. Análise dende outras experiencias de poderes locais.

A acción exterior coma área de acción das políticas públicas locais nace do desenvolvemento progresivo de actividades e programas sectoriais vinculadas co internacional; principalmente influenciadas pola captación de fondos europeos, as políticas de promoción turística, promoción económica, ou as accións en cooperación internacional.

Para representar este modelo elaboramos un documento anexo dunha matriz de modelos de acción exterior municipais e da súa presenza na rede; a Matriz-Resumo do estudo comparado da acción exterior en 10 Concello, españois europeos e americanos

A5. Elaboración do documento de Bases de Acción Exterior da cidade da Coruña.

Así as cousas, como documento de Bases, na súa redacción tomouse en particular consideración tanto a lexislación e o mapa institucional vixente para a acción exterior municipal, a análise documental realizada ao longo de todo o

proceso así coma os resultados das enquisas e entrevistas realizadas; que acabaron por delimitar a natureza do documento e a exposición de información, visión estratéxica e matriz básica de planificación final.

¹⁶.O cuestionario básico e a súa xustificación encóntranse entre as fontes documentais presentadas no documento de Anexos das BAEX A Coruña 2018-2020.

Desta maneira o proceso de elaboración das BAEX A Coruña 2018-2020 contou con distintas **Fontes de Información**, primarias e secundarias:

Primarias:

Propias:

- Realización de 11 entrevistas a persoal clave na acción exterior do concello.
- Entrevista coa arquiteira e cronista.
- Matriz-resumo do estudo comparado da acción exterior en 10 concellos, españois, europeos e americanos¹⁷.
- Realización de 14 entrevistas a actores estratéxicos da internacionalización do territorio
- Matriz xeral de entrevistas segundo os cuestionarios aos actores estratéxicos da internacionalización do territorio.
- Táboas históricas dos instrumentos tradicionais da acción exterior municipal: irmandamentos, redes de cidades e accións sectoriais¹⁸.

Secundarias:

- Hemeroteca: La Opinión, La Voz de Galicia...
- Bibliografía.
- Biblioteca de Estudos Locais.

Institucionais:

- Lexislación estatal e autonómica chave.
- Marco de planificación local chave.
- Modificación do Regulamento de Honras e Distinción do Concello da Coruña en relación cos Irmandamentos (2009).
- Marco institucional europeo para a Administración local, da Carta de Autonomía Local ao Pacto de Amsterdam.
- Texto institucional Documento de Irmandamento A Coruña-Cádiz 2005..
- Plans de Acción Exterior municipal: Xixón, Madrid, México, Boston ...
- Documentación institucional das entidades relevantes da acción exterior da Coruña.
- Documentación estratéxica redes internacionais de cidades: CGLU, Eurocities, Arco Atlántico, Eixo Atlántico, Fondo Galego...

BASES DE ACCIÓN EXTERIOR A CORUÑA 2018-2020

MARCO INSTITUCIONAL E CONTEXTO MUNICIPAL

Análise interno

- Análise da historia da acción exterior do Concello.
- Análise da planificación estratéxica-modelo de cidade da Coruña.
- 11 entrevistas con persoal clave na acción exterior do Concello.
- Análise doutras experiencias de acción exterior municipal.

Análise externa

- Identificación e entrevistas con 14 entidades centrais na proxección exterior da cidade.
- Definición de matrices DAFO.

Diagnose xeral da acción exterior na Coruña

Plan operativo 2018-2020

- **3 Obxectivos específicos**
- **10 Resultados**
- **21 Actividades**

¹⁷.Incorporada no documento de Anexos.

¹⁸.Incorporadas no punto 4.2 deste documento –Instrumentos da acción exterior do Concello da Coruña.



SEGUNDA PARTE

A ACCIÓN
EXTERIOR NA
CORUÑA HOXE

3. MARCO LEGAL E CONTEXTO INSTITUCIONAL.

Para a elaboración das BAEX A Coruña tivemos primeiramente presente o marco legal e institucional da acción exterior local en relación coa recente lexislación estatal e o seu desenvolvemento autonómico, con consecuencias de interese para a administración local.

Aínda que é a lexislación estatal e autonómica a que implique obrigas e dereitos para o Concello

da Coruña, faise pertinente neste punto identificar o marco de relación das entidades locais no espazo europeo-comunitario e na sociedade internacional no seu conxunto (Nacións Unidas), tanto pola relevancia crecente da axenda urbana na construción da UE, coma polo peso específico do poder local global na asunción de compromisos de dereitos humanos, cambio climático ou loita contra a pobreza¹⁹.

3.1.A nova arquitectura legal da acción exterior no Estado español e Galicia.

Primeiramente debemos ter presente a gran novidade que implican para as comunidades autónomas e a Administración Local, en materia de acción exterior, a **Lei 2/2014 do 25 de marzo de acción exterior e do Servizo Exterior do Estado e a Lei 25/2014 do 27 de novembro, de tratados e outros acordos internacionais**. Esta arquitectura legal estatal, a primeira dende a entrada en vigor da Constitución de 1978, artella mecanismos de coordinación, seguimento e cooperación entre o Estado e as comunidades autónomas e a Administración local, na idea de maximizar as posibilidades do conxunto da acción exterior en rede²⁰.

A Xunta de Galicia para axeitarse a este novo marco xurídico aprobou o **Decreto 178/2015, do 26 de novembro, que regula a Acción Exterior da Comunidade Autónoma de Galicia**. No decreto identificáronse ás administración locais como suxeitos da acción exterior de Galicia e incorporouse á Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) no Consello de Acción Exterior (CAEX), órgano consultivo e de planificación da acción exterior galega.

19. SHEA BAIRD K. (2017).

20. GARCÍA PÉREZ, R. (2014): «La proyección internacional de las Comunidades Autónomas en la Ley de la Acción y del servicio exterior del Estado: Autonomía territorial y unidad de acción de la política exterior» Revista Electrónica de Estudios Internacionales.

Posteriormente a Xunta promoveu tamén o **Decreto 29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento**, que completa o desenvolvemento autonómico da nova lexislación do Estado e que afecta de maneira directa aos entes locais.

Derivada desta nova arquitectura as BAEX do Concello da Coruña deberan aliñarse coa recentemente aprobada, **Estratexia Galega de Acción Exterior (EGAEX) Horizonte Post 2020**, aprobada en desenvolvemento do Decreto da

Acción Exterior da Comunidade Autónoma de Galicia, na idea de sumar esforzos e sinerxías coa acción exterior do goberno galego e o propio servizo exterior do Estado, na concepción expansiva das relacións internacionais do Estado²¹.

A continuación sinalamos os elementos máis destacados en relación coa Administración Local desta nova arquitectura institucional do Estado e da Xunta de Galicia, que repercuten de maneira directa no funcionamento e pensamento estratéxico da acción exterior no Concello da Coruña.

NOVA ARQUITECTURA DA ACCIÓN EXTERIOR ESPAÑOLA. LEI 2/2014 DO 25 DE MARZO DE ACCIÓN EXTERIOR DO ESTADO CONSIDERACIÓNS PARA A ADMINISTRACIÓN LOCAL.

Art. 5.2- Recoñecemento da Administración Local como suxeito da acción exterior española

Deberán manter informado o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación das propostas sobre viaxes, visitas, intercambios e actuacións con proxección exterior, para que este departamento poida informar e, se é o caso, remitir recomendacións motivadas sobre a adecuación da proposta de actuación ás directrices, fins e obxectivos da Política Exterior fixados polo Goberno e os instrumentos de planificación establecidos por esta Lei. **(Art. 5.2)**

As actividades que realicen no exterior no marco das competencias que teñan atribuídas deberán respectar os principios que se establecen nesta lei e adecuarse ás directrices, fins e obxectivos da Política Exterior fixados polo Goberno. **(Art. 11.1)**

Obrigas

As Entidades que integran a Administración Local estarán suxeitas aos instrumentos de planificación da acción exterior que determinen as súas respectivas comunidades autónomas. **(Art. 11.2)**

Co obxecto de cumprir co principio de eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos disposto na Lei de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, promoverase a integración nos inmobles do Estado das unidades ou servizos no exterior de Comunidades Autónomas, Entidades Locais ou organismos e entes dependentes delas, así como a súa adhesión aos esquemas de centralización de contratación e gasto no exterior a través de calquera dos mecanismos e procedementos previstos na lexislación vixente. **(Disposición Adicional Sexta)**

O Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación prestaralles apoio ás administracións locais para a súa proxección exterior no marco dos principios da Política e Acción Exterior do Estado. **(Art.5.3)**

As entidades locais poderán realizar acordos internacionais administrativos na execución e concreción dun tratado internacional cando así o estableza o propio tratado, atribúa potestade para iso e verse sobre materias da súa competencia. **(Art. 11.4)**

Dereitos

Poderán participar no deseño da Estratexia de Acción Exterior proponendo propostas de actuación exterior que serán recadadas e integradas, se é o caso, polo Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación. A non integración das propostas deberá ser motivada. **(Art. 35.3)**

Poderán participar na elaboración do Informe Anual de Acción Exterior. **(Art. 37.1)**

Autoridades o altos cargos da Administración Local poderán ser convocados, en función das cuestións para tratar, no Consello Executivo de Acción Exterior. **(Disposición Final Segunda)**

21. RIDAO MARTÍN, J. (2015): «La acción exterior de las Comunidades Autónomas a revisión: El regreso a una concepción expansiva de las relaciones internacionales del Estado», Revista General de Derecho Constitucional.

MARCO LEGAL E DE PLANIFICACIÓN CCAA DE GALICIA

REFERENCIAS ÁS ADMINISTRACIÓNS LOCAIS

Decreto Xunta de Galicia 178/2015, do 26 de novembro, que regula a Acción Exterior da Comunidade Autónoma de Galicia

- (Art. 4.c) Son **suxeitos da acción exterior galega** as entidades locais, nas súas relacións con entes análogos doutros Estados, observando as directrices emanadas da Xunta de Galicia, en liña coa súa planificación estratéxica coa Administración Xeral do Estado.
- Art. 5.e.) Á **Fegamp correspóndelle un vogal no Consello Galego de Acción Exterior de Galicia** (órgano colexiado de traballo, asesor da Xunta e órgano básico de coordinación da acción exterior galega.
- (Art. 22.2) A **Xunta velará** para que os restantes suxeitos públicos de acción exterior galega observen a **Estratexia Galega de Acción Exterior** (cando esta sexa fóra do ámbito da UE) e prescricións estratéxicas.
- (Art. 25.1) **As delegacións exteriores da Xunta²² daranlles soporte ás altas autoridades da CCAA de Galicia** e actores ou suxeitos de dereito público da acción exterior galega no exercicio das súas atribucións tanto nas viaxes a terreo como nas xestións que lle encomenden.
- (Disposición adicional primeira. A **Fundación Galicia Europa**) **prestaralles apoio ás entidades locais no exercicio da participación en asuntos europeos** e colaborará na visita ás institucións e órganos da Unión, e das autoridades europeas a Galicia.


Decreto Xunta de Galicia 29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento

- (Art. 15.d) Ao **Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e a Fegamp**, corresponderanlle dúas persoas representantes por entidade no **Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento**.
- (Art. 17.1.) As actuacións en materia de cooperación dende as entidades locais inspiraranse nos principios e criterios da Lei 3/2003, do 19 de xuño (Lei galega de cooperación) e nos obxectivos e prioridades do Plan Director da Cooperación galega aprobada no Parlamento de Galicia (Actualmente en fase de elaboración, IV Plan 2018-2021).
- (Art. 17.2.) As entidades locais deberán solicitar os informes previstos no artigo 7.4. da Lei 5/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 3.4. da Lei 5/2014 do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.

Estratexia Galega de Acción Exterior POST 2020

- 3. Axentes e actores galegos da Acción Exterior: coordinación, cooperación, colaboración (C³) (83) **No marco da colaboración coa FEGAMP, canalizarase a colaboración dos concellos galegos con maior proxección internacional.**
- 4. Galeguidade; instar os concellos de Galicia a manter a súa **vinculación coas comunidades galegas do exterior.**

Cómpre concluír que a capacidade de diálogo multinivel institucional e a construción dunha complicitade leal exterior forte entre elas puidera ser un factor crítico para o bo desenvolvemento das BAEX A Coruña.



22. Nos Anexos – Rede exterior da Xunta de Galicia.

3.2.A Axenda Urbana e a dimensión comunitaria.

Todo o ecosistema que creou a construción europea na dimensión local da gobernanza dos Estado nas últimas décadas é un proceso moi particular que afecta transversalmente a todo este documento e a vida diaria das institucións locais, tamén a do Concello da Coruña, como observaremos máis adiante na diagnose interna.

Actualmente no marco da UE o Pacto de Amsterdam 2015 e o proceso de desenvolvemento da Axenda Urbana Europea da UE trazan liñas mestras para o mapa urbano europeo, que debemos ter presente á hora de definir o contexto institucional das BAEX A Coruña. Neste sentido cómpre destacar os pasos iniciados polo Concello da Coruña para a definición da súa propia Axenda Urbana, -Coruña Próxima 2030, e introducir a diagnose e plan de actuación das BAEX A Coruña como parte dela.

A Axenda Urbana Europea co horizonte no novo ciclo de planificación 2020 ten por obxecto estimular o crecemento, a habitabilidade, innovación e participación das cidades europeas na axenda comunitaria, o que implica mellorar a normativa da UE en relación coas autoridades urbanas, aumentar o acceso aos fondos europeos e reforzar a cooperación horizontal. seu

acompañamento da mesma estará entre os factores críticos de desenvolvemento e financiamento para a cidade, pensando no próximo marco de planificación comunitaria post 2020.

Actualmente dende a Comisión impúlsase o traballo entre asociacións de cidades en 11 áreas temáticas:

AXENDA URBANA EU

- Inclusión de migrantes e refuxiados.
- Calidade ambiental.
- Pobreza urbana.
- Vivenda.
- Economía circular.
- Empregos e competencias na economía local.
- Cambio climático (incluíndo infraestrutura verde).
- Transición enerxética.
- Uso sostible do solo e solucións baseadas na natureza.
- Mobilidade urbana.
- Transición dixital.
- Contratación pública innovadora e responsábel.

Cómpre sinalar neste punto que a **Fundación Galicia Europa** dependente principalmente da Xunta de Galicia debe ser un socio estratéxico de relacionamento institucional nas diferentes xanelas que a UE abre ás autoridades locais e as súas distintas áreas de goberno, comezando polo **Comité das Cidades e Rexións**, desde as políticas de promoción urbana, ás de internacionalización económica, cultural, ou cooperación ao desenvolvemento.

3.3.Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible e ONU Hábitat III.

Finalmente os **Obxectivos de Desenvolvemento Sostible das Nacións Unidas 2015-2030**²³ aprobados en Nova York pola Comunidade Internacional de Estados, apostan por un renovado concepto de desenvolvemento urbano, onde a sustentabilidade ambiental e os dereitos humanos marcan o rumbo estratéxico na axenda 2030, que a súa vez incide nos documentos estratéxicos marcos da UE e outras organizacións internacionais.

Neste sentido débese destacar a relación das Nacións Unidas coa **United Cities and Local Government (UCLG)** desde o 2004, , ano de fundación do gran *lobby* urbano do planeta, froito das tendencias descritas na presentación deste documento. A UCLG realizou un gran *lobby* sobre o proceso de elaboración dos ODS 2015-2030 por medio da súa Task Force, o que acabou por definir o Obxectivo nº11, a consecución de cidades sustentables, fío condutor da programación de ONU Hábitat III, aprobada en Quito en 2016 para os próximos anos.

²³.Nos Anexos –Os 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible 2015-2030 e as Metas do ODS 11.


O renovado papel dos poderes locais na axenda 2030 é un indicador clave dos procesos de transformacións globais, do cambio de paradigma na xestión do goberno local e do reforzado papel nos procesos de gobernanza global e as novas formas de paradiplomacia.

Cómpre explicitar os pasos adiante que en relación coa Axenda 2030 de Nacións Unidas, o Concello da Coruña impulsa por medio da Axenda Urbana A Coruña Próxima 2030 e o

Convenio de Colaboración asinado en decembro de 2019 co Programa de das Nacións Unidas para os Asentamentos Urbanos (ONU-Hábitat), co obxectivo de establecer un protocolo de colaboración específico para o deseño e a implementación dun plan de acción local e o seu correspondente sistema de indicadores relacionado co desenvolvemento urbano sostible.

MARCO LEGAL INSTITUCIONAL BAEX A CORUÑA 2017-2020

- Obxectivos de Desenvolvemento Sostible 2015-2030, Nacións Unidas. Axenda Urbana Hábitat III.
- Pacto de Amsterdam 2015 e Axenda Urbana Europea da UE (Informe da Comisión ao Consello, 20.11.17)+ Axenda Urbana A Coruña Próxima 2030.
- Leis do Estado: 2/2014 do 25 de marzo de acción exterior e do servizo exterior do Estado e 25/2014 do 27 de novembro, de tratados e outros acordos internacionais.
- Decreto Xunta de Galicia 178/2015, do 26 de novembro, que regula a Acción Exterior da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto Xunta de Galicia 29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento.
- Estratexia Galega de Acción Exterior POST 2020, aprobada polo Consello de Goberno da Xunta de Galicia o 1 de febreiro de 2018.



4. DIAGNOSE EXTERNA; O DIÁLOGO MULTIACTOR COA SOCIEDADE CIVIL DA CORUÑA.

Cando nos referimos á diagnose externa do estado da acción exterior facemos mención á radiografía da internacionalización dos actores críticos na internacionalización do territorio da Coruña: Quen son? Cara a onde se internacionalizan? Para que o fan? Que fortalezas e debilidades identifican na súa cidade? En que poden colaborar para a proxección global da marca Coruña? Que expectativas teñen en relación coa acción exterior do Concello?²⁴

A necesidade dun diálogo multiactor dende o Concello coas entidades internacionalizadas da Coruña faise preciso na vontade de maximizar a proxección exterior da cidade, mediante a identificación dun fío condutor común e a converxencia necesaria para o posicionamento global da cidade.

Logo da realización de 14 entrevistas con representantes de entidades centrais da acción exterior da cidade, identificamos unha Coruña fortemente internacionalizada, tanto no plano económico como no educativo, cultural ou deportivo, o que nos permite pensar en chave de acción exterior multidimensional; na procura e consecución de sinerxías entre actores e liñas de traballo.

24. Nos Anexos, -Cuestionario e xustificación para a diagnose externa.

25. Nos Anexos; -Resumo do diálogo multiactor por entidades.

ENTIDADES CONSULTADAS DIÁLOGO MULTIACTOR

- Asociación de empresarios Polígono de Pocomaco.
- AECO-Asociación Mulleres Empresarias.
- AJE – Asociación Jóvenes Empresarios.
- Autoridade Portuaria da Coruña.
- Cámara de Comercio da Coruña.
- Club financeiro da Coruña.
- Confederación de Empresarios da Coruña.
- Consorcio de Turismo da Coruña.
- Coordinadora Galega de ONGD's.
- Escola Universitaria de Turismo da Coruña (CNEP).
- Hóckey Club Liceo.
- Orquestra Sinfónica de Galicia.
- Real Club Deportivo da Coruña (RDC).
- Universidade da Coruña.

Como resumo xeral²⁵ do diálogo multiactor emprendido dende o equipo promotor das BAEX A Coruña cómpre destacar:

- A maioría das entidades consultadas entenden como moi necesaria unha actitude proactiva do Concello en relación coa promoción exterior da cidade, dando soporte, socializando información entre os distintos axentes e apoiando os esforzos de internacionalización das distintas entidades.
- A necesidade de conectar a promoción exterior da Coruña á construción da Área Metropolitana e ao posicionamento global de Galicia coma Comunidade Autónoma con características propias, aparece entre as solicitudes e expectativas de todas as entidades consultadas.

- O efecto Inditex na Coruña deixa pegada no ecosistema de maneira notable, asociándose á cidade e o seu tecido económico e metropolitano unha serie de externalidades positivas vinculadas á captación de talento e clases creativas e á dinamización da economía e os servizos locais que todos os actores recoñecen e identifican como unha potencialidade global que debe terse presente.
- A balanza comercial da Coruña que nas últimas décadas medrou de maneira exponencial tamén xerou marcas propias con capacidade de internacionalización como Estrella Galicia fortemente identificadas co imaxinario da cidade.
- Os polígonos industriais e a natureza de porto da cidade tamén explotan as posibilidades dos servizos loxísticos na relación co internacional.
- Existe consenso entre os distintos actores entrevistados en que a Autoridade Portuaria e a Universidade da Coruña son dous actores estratéxicos centrais cunha axenda de internacionalización moi notable e recoñecida no exterior que deben contar cun peso específico no proxecto internacional da cidade.
- Os actores estratéxicos da internacionalización da Coruña vén con moi boa receptividade a colaboración co Concello para a promoción exterior da cidade, desde a coordinación institucional e a facilitación na relación directa do Concello, na idea de sumar sinerxías e multiplicar os impactos, poñendo á disposición do Concello o seu know how no proceso de internacionalización e as súas redes de capital relacional.
- Destacan coma fortalezas identificadas de maneira reiterada o posicionamento atlántico e xeopolítico da cidade, a presenza de actores internacionais da economía, a cultura ou o deporte, o know how de entidades centrais na vida da cidade coma a Autoridade Portuaria ou a Cámara de Comercio da Coruña, a calidade de vida ou a forte identidade da cidadanía coa súa cidade.
- Destacan coma debilidades identificadas de maneira reiterada os problemas coa conectividade nas infraestruturas de transportes (especialmente a situación aeroportuaria), a falta de coordinación institucional coa Xunta e o Estado, a falta de consenso político para os grandes temas de planificación da cidade ou o localismo no contexto galego.
- «A cidade onde ninguén é forasteiro» é a marca na que a maioría de entidades se sente representada, mais valórase positivamente a nova marca «A Coruña sempre aberta» á que se lle pide que concrete de maneira sectorial a súa finalidade que deberá ser múltiple máis alá da atracción de turistas á cidade.
- Existe a sensación xeral entre as entidades entrevistadas de que actualmente se está a realizar dende o Concello un traballo arredor da proxección internacional da cidade, mais identifícase como pouco consistente, realizada en momentos puntuais e meramente vinculada á atracción de visitantes turísticos.
- Cidades españolas coma Xixón, Málaga, San Sebastián, Bilbao ou Pamplona, son sinaladas coma exemplos de proxección global que poden servir de referencia para A Coruña. A súa vez cidades coma Porto, Baltimore ou Scandiano aparecen como referentes internacionais de interese a ter presente na acción exterior da Coruña.
- O Plan Estratéxico de Turismo 2017-2020 e a Estratexia e Desenvolvemento Urbano Sostible son recoñecidos coma marcos estratéxicos da planificación municipal, en maior ou menor medida por todas as entidades consultadas.
- Todas as entidades consultadas entenden coma pertinente a participación cidadá para a proxección exterior da cidade, mais en diferentes proporcións, primando a opinión e o coñecemento das entidades de actores notables na cidade.

- Existe unanimidade á hora de aprobar a pertinencia dunha acción exterior municipal mais variedade de opinións ao respecto dos obxectivos desa acción exterior municipal.
- Existen maiores discrepancias á hora de pensar os obxectivos específicos da axenda desa acción internacional. Así, mentres que para algunhas entidades o Concello debe promover tan só a internacionalización económica e turística da cidade, para outras debera xogar un papel claro para a atracción de estudantes e coñecemento, tamén en relación co proxecto cultural da cidade ou co compromiso ante novos desafíos mundiais como os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible ou a crise de persoas migrantes e refuxiadas.

- O obxectivo deste documento é promover unha visión mínima común que dentro das tensións inevitables nunha axenda sensible coma a internacional, permitan un traballo compartido e un espazo común de construción da cidade.

Tras este breve resumo das respostas obtidas tras o diálogo multiactor, identificamos así unha densidade de relacións co internacional que definen dous cadros básicos, DAFO económico e DAFO sociocultural, tanto da situación actual como dunha futura acción de internacionalizacións consciente da cidade.

DAFO ECONÓMICO

Fortalezas

- Balanza comercial positiva.
- Actores da sociedade civil xa fortemente internacionalizados.
- Situación xeográfica; conectividade marítima Europa-Atlántico-América.
- Presenza de consulados e institucións na cidade.
- Porto líder.
- Marcas empresariais recoñecibles coma Inditex ou Estrella Galicia.
- Cidade moderna asimilable a capitais europeas.
- Calidade de vida, cidade compacta e segura.

Debilidades

- Comunicacións e infraestruturas de transportes deficientes e mala sinalización.
- Mobilidade urbana e sinalización.
- Falta dun fío condutor común.
- Dispersión de esforzos tanto das institucións públicas como das privadas.
- Falta de tradición.

Ameazas

- Falta de consenso político.
- Falta de diálogo e coordinación entre as institucións públicas e privadas.
- Crise económica e falta de compromiso.
- Excesivo localismo.
- Dependencia INDITEX.

Oportunidades

- A EGAEX Post 2020 da Xunta de Galicia
- Capital relacional da cidade.
- Visión metropolitana.
- Camiño Inglés. Xacobeo 2021.
- Establecer un fío condutor común.
- Identidade da cidade cohesionada.
- Economía do mar e creativa, Tics e Cooperación Expandida.

DAFO SOCIOCULTURAL

Fortalezas

- Cidade creativa e actual.
- Actores da sociedade civil xa fortemente internacionalizados.
- Coruña coma cidade multiexperiencial (cultura, beleza, gastronómico, congresos, náutica).
- Boas infraestruturas educativas, culturais e deportivas.
- Traxectoria deportiva internacional Deportivo, Liceo e outros...
- Cidade solidaria, científica, innovadora...

Debilidades

- Falta dun fío condutor común.
- Dispersión de esforzos tanto das institucións públicas como das privadas.
- Falta de tradición.

Ameazas

- Débil consenso político.
- Débil diálogo e coordinación entre as institucións públicas e privadas.
- Crise económica e falta de compromiso.
- Excesivo localismo.

Oportunidades

- A EDUSI,
- O turismo e o PET,
- Galicia como unidade, A Coruña líder.
- A EGAEX Post 2020 da Xunta de Galicia,
- Deportes náuticos,

5. DIAGNOSE INTERNA: A ACCIÓN EXTERIOR NO CONCELLO DA CORUÑA.

Froito do cambio de paradigma na xestión do goberno local producida pola Carta de Autonomía Local e as dinámicas de fondo producidas pola globalización, comezaron a medrar dende finais dos anos 80 no marco do Estado español innumerables actividades vinculadas ao internacional e á proxección exterior da marca-cidade dentro das institucións municipais.

Máis alá do espazo relacional internacional para os poderes locais que achegan os irmandamentos, as relacións bilaterais de cidades e a progresiva especialización e participación en redes de cidades internacionais, normalizáronse e desenvolvéronse nos concellos galegos áreas ou liñas de traballo específicas de traballo co internacional; que poderíamos concretar en catro grandes bloques:

- A captación de fondos europeos.
- A promoción económica (misións comerciais, márketing de cidades, participación en feiras...).
- A promoción turística (participación en feiras, mobilización de materiais, incorporación a redes...).
- A cooperación internacional para o desenvolvemento (convocatorias de proxectos para ONGD's, Consellos locais de Cooperación, educación para a cidadanía global, creación de redes...).

Estas características xerais que son identificables a nivel galego, mais tamén a nivel español e comunitario deixan tras de si na Coruña un percorrido polo mapa e historia internacional da cidade que neste punto das BAEX aspiramos a rescatar, na hora de achegar unha visión estratéxica o máis cohesionada e eficaz posible e á súa vez coherente coa historia e a planificación estratéxica actual do Concello.

Así as cousas nesta diagnose interna retrataremos a **historia da acción exterior da cidade e o estado actual do marco de planificación do Concello (5.1.), os instrumentos de acción exterior empregados dende o Concello (5.2. irmandamentos, redes de cidades e accións sectoriais) para finalmente presentar unha composición dunha análise DAFO de tipo institucional (5.3.)** realizada grazas ás entrevista e intercambio de información co persoal municipal clave na acción exterior.

ENTREVISTAS CONCELLO DA CORUÑA ÁREA/POSTO

Juan Carlos Martínez *Dirección de apoio á Alcaldía.*
Pena Peñabad *Fondos Europeos-Gabinete Alcaldía.*
Mariola Suárez *Arquiveira municipal.*
Marta Núñez Corbalán *Directora da Área Promoción Económica.*
Juan José Pernas *Xefe de servizo Medio Ambiente.*
Begoña López *Xefa de servizo Igualdade.*
Isabel Alonso *Xefa de servizo Cultura.*
Isabel Blanco *Xefa de servizo Bibliotecas.*
Marcos Pérez Maldonado *Xefa de servizo Museos científicos.*
Jose María Pérez Ferrol *Xefe de servizo Deportes.*
Susana Vara *Servizo Educación.*

5.1. Antecedentes da Acción Exterior do Concello e planificación actual do Concello

Froito da fase de documentación e entrevistas arredor da historia do Concello identificamos un relato propio arredor da historia da acción exterior da institución, que chega por medio de diferentes canais e distintos impulsos, aínda que principalmente no caso do Concello da Coruña mediado polo desenvolvemento da captación de fondos europeos²⁶ e das competencias turísticas municipais.

De maneira paradigmática o momento fundacional deste proceso podémolo identificar co ano 1989, no que o Concello comeza a recibir fondos europeos principalmente vinculados ao desenvolvemento social e de infraestruturas, dando lugar á última transformación urbana da cidade, moi ligada ao prolongado mandato do Alcalde Francisco Vázquez entre 1983 e 2006.

O renovado modelo de cidade froito dos tempos da transición e a incorporación a Europa, xunto coa aposta pola promoción turística xeral na época e as particularidades do desenvolvemento dos Museos Científicos, da creación da Orquestra Sinfónica de Galicia e o Consorcio da Música ou a multiplicación da Rede de Bibliotecas e Centros Cívicos, foron parte do Plan Hércules²⁷ que xunto coa renovación de infraestruturas urbanas foron as liñas mestras que definen a transformación da Coruña durante a alcaldía de Francisco Vázquez e que nos permiten albiscar unha visión precoz da relevancia da proxección global do ámbito local.

Xunto co relato internacional vinculado ao modelo de cidade e o impacto das dinámicas comunitarias, a normalización das políticas de promoción

turística (nacemento do Consorcio de Turismo) e as convocatorias de proxectos de cooperación para o desenvolvemento para ONGD's, son os fitos máis sostidos e notorios vinculados á acción exterior da cidade dende mediados dos anos 90.

Nesta dinámica de incorporación a tendencias globais do poder local, cómpre deterse de maneira especial, como acción chave no marco da promoción da acción exterior o impulso de ferramentas de comunicación de apoio á área de turismo, que implicaban un enfoque integrador para o presenza global da cidade. Baixo o título «Vamos por diante» realizáronse no ano 2000 materiais audiovisuais multilingües (inglés, francés, portugués, alemán...) de presentación da cidade, non só como unha cidade para visitar, senón para vivir, investir ou estudar, que foron distribuídos entre os axentes claves de internacionalización da cidade²⁸ e como material complementario da área de turismo.

Cómpre destacar neste contexto o uso destas ferramentas de comunicación para a participación do concello nas Convocatorias de distincións de ONU-Hábitat II²⁹ e do concurso internacional Nations in bloom³⁰ entre os anos 2000 e 2005, que ofrecen un primeiro achegamento do Concello a dinámicas globais de posicionamento internacional urbano como a presentación de boas prácticas en concursos internacionais.

Posteriormente podemos trazar unha continuidade deste modelo coa alcaldía de Javier Losada (2006-2011) e especificamente cos esforzos realizados

26. PENA PEÑABAD, J.M. (2015): «30 años de España en la Unión Europea: Os impactos na administración local». Mesa redonda sobre experiencias exitosas de cidades española, Femp 2016.

27. O Plan Hércules representa o conxunto de acción impulsadas durante o mandato de Francisco Vázquez no marco da creación da área de planificación do Concello para a modernización do modelo urbano, destacando acción no ámbito social, equipamentos deportivos e culturais, de servizos... No ano 2000 presentouse a experiencia ás distincións do programa Hábitat II de Dubai, e foi distinguida como experiencia finalista coa categoría de BEST practices.

28. Destaca o uso de material de presentación da cidade realizada pola Cámara de Comercio da Coruña que incorporou o documento e o audiovisual de presentación nas súas misións exteriores.

29. Ademais da distinción ao Plan Hércules no marco de Hábitat II (2000), a creación da Rede Coruña Solidaria no ano 2002 e a creación da rede dos Museos Científicos no 2004, foron distinguidas tamén coa categoría de Best practices no concurso internacional de Dubai.

30. Vinculados á xestión medioambiental da cidade, A Coruña recibiu a máxima distinción na edición de Shenzhen en China, foi finalista na edición de Stuttgart no 2002 e finalmente acolleu a celebración do premio na Coruña no ano 2005.

para o nomeamento da Torre de Hércules³¹ como Patrimonio da Humanidade e a procura de alianzas internacionais, como as detectadas como irmandamentos, da Estatua da Liberdade de Nova York ou a Torre Morón en Cuba.

No mandato de Carlos Negreira (2011-2015), destaca a presidencia da Rede de Cidades do Arco Atlántico Europeo e a ambición da proxección internacional da Smart City e do tecido empresarial da cidade, aínda que se identifica un paso atrás coa eliminación das convocatorias de proxectos de cooperación internacional para o desenvolvemento no ano 2014.

O contexto actual de planificación local no Concello da Coruña

Na actualidade o traballo en relación coa planificación da cidade e a súa posición exterior enmárcase no traballo de tres documentos municipais de relevancia recentemente aprobados e que predefinen a ruta do local ao internacional da cidade: a **Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (EIDUS) 2017-2023**, o **Plan Estratéxico de Turismo da Cidade da Coruña (PET) 2017-2020** e a **Axenda Urbana A Coruña Próxima 2030**.

Xunto a estes documentos, cómpre ter especialmente presente o desenvolvemento institucional e operativo da **Área Metropolitana**³² (como exemplo recente cómpre significar o impulso dende o Concello da **Estratexia de innovación para a área metropolitana Innova CM 2030** ou do impulso xunto coa **Cámara de Comercio da Coruña, da nova Oficina de Promoción Industrial**) e o proxecto da **Smart City**³³ A Coruña xa que tamén son de feito marcos para relacionar na impulsión das BAEX A Coruña.

31. A Torre de Hércules é patrimonio material da Humanidade dende xuño do ano 2009.

32. Ver «Diagnosis y estrategia metropolitana del área urbana de A Coruña» (2017).

33. Ver Proxecto A Coruña futura (2015).

5.2.Os instrumentos da acción exterior no Concello.

Como vimos anteriormente os mecanismos de conexión institucional dos concellos co internacional prodúcense cun repertorio variado de actividades e aproximacións, vinculadas principalmente á planificación xeral do modelo de cidade e ao posicionamento turístico.

Neste apartado das BAEX queremos identificar o estado actual deste repertorio no Concello da Coruña na procura de nexos de unión e coordinación entre as distintas áreas, na idea de consolidar unha acción exterior de cidade cohesionada para o S.XXI.


Na idea de contar cunha aproximación histórica do uso dos instrumentos tradicionais da acción exterior do Concello, **primeiramente deterémonos na figura icónica dos irmandamentos (5.2.1) para posteriormente identificar o estado actual na participación nas redes de cidades (5.2.2.) e finalmente contar cunha radiografía xeral por concellaría que nos indiquen os programas e actividades clave que conectan A Coruña co internacional (5.2.3.).**

5.2.1.Os instrumentos da acción exterior no Concello.

A promoción da Unión Europea, en particular do Comité das Rexións e Cidades, xerou toda unha tradición europea arredor dos irmandamentos municipais dende o nacemento da UE que chega aos nosos días e ao marco de planificación 2014-2020, por medio do programa Europa para os cidadáns.

Tamén a tradición americana por medio das *sister cities* expandiu a figura da relación entre pares no poder municipal e mesmo na tradición asiática, as relacións entre as cidades son a punta de lanza da apertura da acción exterior. Toda esta tradición intercontinental fixo dos irmandamentos a figura icónica das nacentes relacións internacionais dos poderes locais.

Aínda que en Galicia temos exemplos sobresaíntes de irmandamentos municipais como a diagnose xeral en Galicia e no Estado, na maioría dos casos non pasaron de alianzas simbólicas e pouco sostibles no tempo. Como veremos na táboa posterior será este o caso do Concello da Coruña, xa que máis alá do valor simbólico deles, non artellaron relación bilaterais regulares, e de feito, o seu propio rastro histórico é difícil de seguir.



CIDADES	PAÍS	TIPO DE RELACIÓN	ANO	MOTIVACIÓNS	ACCIÓNS
Recife	Brasil.	Descoñecida.	1984.	Lazos culturais e históricos.	Non.
Cádiz	España.	Irmandamento.	2005.	Lazos culturais e históricos.	Non.
Estatua da liberdade (Nova York)	USA.	Irmandamento, non estandarizado cos criterios da UE para ser considerado tal.	2008.	Promoción da Torre de Hércules coma Patrimonio da Humanidade.	Non.
Faro de Morro (La Habana)	Cuba.	Irmandamento, non estandarizado cos criterios da UE para ser considerado tal.	2008.	Promoción da Torre de Hércules coma Patrimonio da Humanidade.	Non.
Brest	Francia.	Irmandamento.	Descoñecida ³⁴ . Anterior a 2009.	Descoñecida.	Non.
Mariglianella (Nápoles)	Italia.	Irmandamento.	Descoñecida. Anterior a 2009.	Descoñecida.	Non.
Mar del Plata	Arxentina.	Irmandamento.	Descoñecida. Anterior a 2009.	Descoñecida.	Non.
Caracas	Venezuela.	Irmandamento.	Descoñecida. Anterior a 2009.	Descoñecida.	Non.
Yantián	China.	Protocolo de colaboración.	2015.	Promover as relacións de intercambio cultural e colaboración interinstitucional. 2016 recepción Comitiva institucional e empresarial. Presenza da CEC e representantes da autoridade do porto da Coruña. 2016 novembro. Visita institucional do concelleiro de Promoción económica. 2017 Visita institucional a Shenzhen dunha comitiva do alcalde da cidade con representación empresarial.	Non.
Valencia	España.	Protocolo de colaboración.	2018.	Promover a relación común para o impulso do turismo.	Si.

Non obstante, cómpre subliñar neste documento que na área dos irmandamentos o concello e a Área de Protocolo tivo unha reacción técnica e desenvolveu unha regulación para a formalización de irmandamentos aprobado polo Pleno da Coruña no 2009³⁵. O documento identifica unha serie de motivacións básicas e unha serie de garantías que establecen un marco para unha relación formal entre cidades, dende os parámetros da tradición europea.

Cómpre advertir que dende a aprobación da modificación no regulamento non se volveron asinar irmandamentos, senón acordos protocolarios de colaboración puntuais, como os establecidos con Yantián ou Valencia e que si están a desenvolver unha axenda relevante.

34. Os irmandamentos da Coruña con Brest, Mariglianella, Mar del Plata e Caracas incorpóranse nesta táboa xa que aparecen de maneira reiterada en artigos de opinión e hemeroteca consultada, mais non se conseguiron situar nun marco temporal e motivacional concreto.

35. O capítulo en relación co procedemento de formalización dos irmandamentos municipais do Concello incorporouse dentro do Regulamento para a concesión de honores e distincións outorgados polo Excmo. Concello da Coruña aprobado en Pleno municipal o 29 de xuño de 2009.

5.2.2.Os instrumentos da acción exterior no Concello.

As redes de cidades especializadas son espazos ideais para o intercambio de boas prácticas e a identificación de oportunidades e liñas de traballo novidosas, ao tempo que espazos de conexión internacional, *lobbys* especializados e oportunidades para a potencial visibilización da marca de cidade.

A inflación do traballo en rede do poder municipal global por medio de redes de cidades internacionais e especializadas nas últimas dúas décadas está na xénese da necesaria visión común para unha visión estratéxica en relación á Acción Exterior municipal, e que implique polo tanto unha programación efectiva, para un uso produtivo e eficaz da participación en redes sectoriais e especializadas.

Como podemos observar no cadro resumo da participación do Concello da Coruña no marco das redes de cidades, destacan en canto á tradición e intensidade na actividade dentro da vida municipal dúas de ámbito comunitario, o Eixo Atlántico e a Conferencia de Cidades Europeas do Arco Atlántico, e unha de cooperación internacional, o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, especialmente vinculada ao espazo da Comunidade de Países de Lingua Oficial Portuguesa (CPLP).

REDES DE CIDADES E PROXECCIÓN INTERNACIONAL DA CORUÑA	REDES DE CIDADES E PROXECCIÓN INTERNACIONAL DA CORUÑA	ANO DE INCORPORACIÓN	ACCÍONS REGULARES
Eixo Atlántico	Organismo sen ánimo de lucro dedicado ao apoio de todas aquelas iniciativas que fomenten a cooperación transfronteiriza Galicia-Norte de Portugal. No marco da Euro Rexión Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal. Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT) Galicia-Norte de Portugal.	1992.	Actualmente o Concello da Coruña forma parte da Comisión Executiva.
Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade	Rede municipalista de carácter galego que coordina de maneira mancomunada os esforzos do poder local galego. Dende o 2015 é a Axencia municipal de cooperación internacional recoñecida pola Fegamp.	1999.	Actualmente o Concello da Coruña forma parte da Comisión Executiva, por medio da concelleira Rocío Fraga (Igualdade e Diversidade).
Pacto de Alcaldes	Movemento a nivel europeo no que participan as autoridades locais e rexionais que asumen o compromiso voluntario de mellorar a eficiencia enerxética, utilizar fontes de enerxía renovable nos seus territorios e reducir as emisións de CO2 nos seus territorios.	2012.	-
Rede española de cidades intelixentes	A rede naceu para xerar unha dinámica entre cidades co fin de dispor dunha rede de cidades especializadas na xestión intelixente do big data municipal.	2012.	Actualmente A Coruña participa como vogal na CE da rede.

REDES DE CIDADES E PROXECCIÓN INTERNACIONAL DA CORUÑA	REDES DE CIDADES E PROXECCIÓN INTERNACIONAL DA CORUÑA	ANO DE INCORPORACIÓN	ACCIONS REGULARES
Rede CIVITAS	Rede de autoridades locais europeas para a mobilidade sostible, aforro enerxético e redución de emisións de CO2.	2013.	Vogalía
Rede de Cidades pola Ciencia e a Innovación INNPULSO	Rede de Cidades da Ciencia e a Innovación, como foro de encontro de todos aqueles concellos que pretenden avanzar na definición e aplicación de políticas locais innovadoras.	2013.	-
Rede de cidades pola bicicleta	Rede de cidades españolas conectada a redes europeas e internacionais para facilitar e normalizar o uso da bici, especialmente no medio urbano.	2014.	-
Conferencia de Cidades do Arco Atlántico (Conferencia de Redes de Cidades Europeas Transfronteirizas e Interrexionais)	Rede con e para as cidades situadas na vertente europea do Océano Atlántico. Proponse desenvolver a cooperación entre os seus membros e defender as súas posicións nas institucións comunitarias	Descoñecida ³⁶ .	Actualmente A Coruña preside a Comisión de Participación e Xulio Ferreiro en calidade de alcalde da Coruña
Rede mundial de Cidades e Gobernos Locais e Rexionais Unidos (CGLU)	Rede mundial por excelencia dos gobernos locais e rexionais a nivel mundial e interlocutora con NNUU en representación dos poderes locais. Ten unha comisión de cidade intermedias.	Descoñecida.	-
Rede de cidades pola agroecoloxía (European Network of AgroEco Cities)	O obxectivo xeral da rede é facilitar a relación e a promoción de cidades con políticas alimentarias con enfoque agroecolóxico.	Descoñecida.	-
Asociación Internacional de cidades educadoras	Estrutura permanente de colaboración entre os gobernos locais comprometidos coa Carta de Cidades Educadoras: Proclamar e reclamar a importancia da educación na cidade.	Descoñecida.	-
Asociación Europea de Cemiterios Significativos Association of Significant Cemeteries in Europe (ASCE)	Rede de cemiterios europeos.	2013.	-

36. Os irmandamentos son recollidos na hemeroteca por distintos medios locais en noticias e artigos de opinión. Na bibliografía, MIRÓN (2009) ou JUAN (2010).

5.2.3. Radiografía de accións por servizos.

Como indicamos previamente na tradición europea a xénese da acción exterior local atópase nos irmandamentos e nas redes de cidades (máis alá da propia captación de fondos comunitarios), mais os cambios producidos na xestión do goberno local produto da globalización teñen expandido dentro dos municipios as actividades e programas que conectan ao territorio co internacional.

De maneira concreta no marco do Concello da Coruña o departamento de fondos comunitarios e a promoción estratéxica do turismo teñen un peso específico na vida municipal dende mediados

dos anos 90. Destaca tamén de maneira especial o crecemento e a normalización da acción internacional na Área de Educación, Medio ambiente, Cultura (especificamente vinculada á rede de Museos científicos) e a Área de Cooperación Internacional (actualmente encadrada na Concellería de Igualdade e Diversidade).

No cadro que presentamos amósase o repertorio central destas actividades, as distintas rutas que nos conectan e capacitan na sociedade global, facendo da Coruña un ecosistema internacional de facto que debe ser posto en valor.

ÁREAS GOBERNO LOCAL	ACTIVIDADES PROPIAS	ACTIVIDADES/ EVENTOS QUE APOIAN	REDES INTERNACIONAIS
Alcaldía	<ul style="list-style-type: none"> Fondos europeos. Recepcións e visitas institucionais. 	-	<ul style="list-style-type: none"> Eixo Atlántico. Rede de Cidades Intelixentes. Arco Atlántico.
Economía e emprego	<ul style="list-style-type: none"> Plan Estratéxico de Turismo 2017-2020. Liñas de subvencións de promoción económica. 	<ul style="list-style-type: none"> Feiras e congresos que se realizan na cidade (Exporpymes). 	<ul style="list-style-type: none"> Eurocities.
Medio ambiente	<ul style="list-style-type: none"> Proxecto H2020--22 CONNECTING 2017. Oficina de Cambio Climático (Acordo de Alboorg). 	<ul style="list-style-type: none"> Desenvolveron eventos internacionais propios ou colaboracións e encontros puntuais dentro de proxectos europeos. 	-
Cultura	-	<ul style="list-style-type: none"> Festival Folclore Cidade da Coruña. Viñetas do Atlántico. 	-
Bibliotecas	<ul style="list-style-type: none"> Rede de Bibliotecas Innova. 	-	<ul style="list-style-type: none"> Rede de Bibliotecas Innova.
Museos Científicos	<ul style="list-style-type: none"> Premios Prismas Casa das Ciencias á Divulgación Científica. 	-	<ul style="list-style-type: none"> European Network of Science Centres and Museums (ECSITE). Association of Science-Technology Centers (ASTC). World Ocean Network (WON).
Educación	<ul style="list-style-type: none"> A Coruña no mundo: Bolsas de estudos Junior Year. Bolsas de prácticas internacionais; Intercambios educativos entre centros. Idiomas do mundo (programa de inmersión lingüística en verán). 	-	<ul style="list-style-type: none"> Rede de cidades educadoras.
Deporte	<ul style="list-style-type: none"> Campionato anual hóckey Eixo Atlántico. Participación Olimpíadas Eixo Atlántico. 	<ul style="list-style-type: none"> Marcha Challenger. Europeo halterofilia. Gala Internacional Patinaxe artística. Tal Ships Races. 	-
Igualdade e diversidade	<ul style="list-style-type: none"> Convocatorias de proxectos de cooperación ao desenvolvemento. Convenios promoción educación para a cidadanía global. Escola e apoio a migrantes. Cooperación expandida. 	-	<ul style="list-style-type: none"> Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. Rede de cidades refuxio.

5.3. Análise DAFO.

Logo da consulta de documentación histórica, a análise do uso dos instrumentos de acción exterior municipal e o contacto co persoal do concello chave na acción exterior da Coruña retratamos unha serie de conclusións xerais que posteriormente identificaremos por medio dunha análise DAFO:

- O Concello da Coruña impulsa a súa promoción exterior da man do impulso do seu modelo de cidade coa incorporación do Estado á UE e a proxección turística dende mediados dos anos 90. Conta con antecedentes relevantes e accións concretas que deben ser tidas en conta á hora de pensar un modelo de acción exterior para os próximos anos.
- Con todo, dende hai unha década e até a actualidade non existe ningunha ferramenta de monitorización, seguimento ou comunicación pública para o posicionamento exterior da cidade, máis alá dos documentos vinculados ao Plan Estratéxico de Turismo 2017-2030.
- Os irmandamentos municipais caeron na tendencia xeral de ser meros acordos simbólicos que non son acompañados por medio de actividades reguladas. Non obstante, nos acordos de colaboración como os recentes con Yantián na China ou Valencia hai un camiño por explorar moi interesante.
- A participación en redes de cidades dáse dunha maneira pouco articulada e consistente en función da vontade política de cada goberno municipal, mais cómpre destacar o traballo actual e histórico da cidade dentro do Eixo Atlántico, a Rede de Cidades do Arco Atlántico europeo e o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.
- Froito do modelo de cidade e a natureza atlántica do Concello, o repertorio de actividades que conectan A Coruña co internacional é variado e de alto interese, e contan algunhas liñas con tradición, estabilidade e impacto internacional, entre as que destacan as asociadas á educación, deportes ou a rede de museos científicos.
- O modelo internacional da Coruña en conexión coa UE desenvólvese inicialmente polo desenvolvemento de normativas e proxectos europeos e o impulso da Axenda 21, e chega a ser recoñecido con premios de carácter internacional.
- As políticas públicas de cooperación internacional contan cun tecido asociativo activo e con tradición no Concello, que deberan ser rescatadas e sistematizadas na idea de poñer en valor o perfil internacional solidario e de cidade-refuxio, dentro dun perfil de cidade activa e con vontade de tecer paradiplomacia alternativa para a consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible 2015-2030.
- Destacan as actividades da Área de Educación vinculadas á capacitación da cidadanía e dominio de idiomas impulsando un programa de diplomacia pública que deba ser posto en valor, avaliado e sistematizado para poñelo en converxencia coa acción exterior da cidade.
- O servizo de cultura vinculado ao Consorcio da Música, o Instituto Municipal de Espectáculos, a Fundación Luís Seoane e o Instituto Cornide concentra decenas de vínculos internacionais que terán que ser sistematizados de maneira común para promover unha internacionalización da cidade en consonancia coas capacidades da cidade.
- Destaca en relación a outras cidades intermedias a aposta do modelo da Coruña polos Museos Científicos e a Rede de Bibliotecas. Ambos os servizos contan con valor engadido, experiencias e profesionais capacitados para participar dunha estratexia global internacional de cidade.
- Aínda que hai consenso en sinalar as potencialidades do contacto e da conexión internacional nos irmandamentos, mais particularmente nas redes da cidade e nas actividades europeas e de carácter internacional, destácase tamén de maneira xeral a desconexión do traballo entre áreas e a inconsistencia da participación e seguimento por falta de criterios estratéxicos e compromisos de continuidade.

- Nese sentido debería regularse de maneira flexible a participación en redes e demais repertorio de conectividade internacional e diplomacia pública, dotándoas duns criterios sistemáticos para acoutar os obxectivos e a visión superando a cultura de proxectos e de accións illadas e desconectadas. Hai que identificar as prioridades locais para evitar dispersións, desde opcións temáticas a irmandamentos, opcións políticas, vínculos culturais e históricos, migracións...

Para finalizar a diagnose interna realizamos unha identificación de Debilidades, Ameazas, Oportunidades e Fortalezas, froito da análise da historia e a relación co internacional actual do concello, xunto coa conversacións co persoal chave do Concello.

DAFO INSTITUCIONAL

Fortalezas

- Vocación internacional nos antecedentes do modelo de cidade
- Persoal capacitado.
- Perfil atlántico definido: Eixo Atlántico e Rede de Cidades do Arco Atlántico.
- Servizos con experiencia e internacionalizados: educación, museos científicos, deportes, cultura, bibliotecas...
- Capacidade de interlocución e colaboración co tecido empresarial exportador e importador.
- Balanza comercial positiva da economía da cidade e área metropolitana.
- Imaxe global: patrimonio histórico e cultural con proxección internacional, cidade turística, empresas consigna.
- Universidade como foco de atracción de investigación e aprendizaxe e relacións co estranxeiro.

Debilidades

- Ausencia dun servizo con persoal especializado para relacións institucionais e acción local exterior.
- Ausencia de monitorización e rexistro.
- Ausencia dun fío condutor común.
- Ausencia de ferramentas de comunicación.
- Tradición simbólica dos irmandamentos.

Ameazas

- Débil consenso político no Concello.
- Escaso diálogo e coordinación coa Xunta de Galicia.
- Crise económica e falta de persoal.

Oportunidades

- O Plan Estratégico de Turismo.
- EIDUS.
- A EGAEX Post 2020 da Xunta de Galicia.
- Identidade da cidade cohesionada.



6. DEFINICIÓN DO MARCO LÓXICO.

O Marco Lóxico xustifícase no contexto institucional da nova arquitectura legal da acción exterior municipal e o Plan Estratéxico de Turismo 2017-2020, o novo marco financeiro comunitario post 2020 e o evento que representará para Galicia o Xacobeo 2021.

Á súa vez as BAEX A Coruña son un primeiro paso estratéxico no marco máis amplo do municipalismo global, na construción común da axenda internacional das Nacións Unidas (os Obxectivos de Desenvolvemento Sostibles) e a Unión Mundial de Gobernos Locais.

Identificamos froito da diagnose externa e interna 3 Obxectivos Específicos que se concretarán por medio da definición de 9 resultados concretos e medibles, construído por medio de 19 potenciais actividades para o período 2018-2020.



OE1. Normalizar a acción exterior na vida do concello.

R1. Creada unha unidade de coordinación da actividade internacional do concello.

R2. Creado un circuíto de información interdepartamental entre os traballadores dos servizos municipais e o goberno local.

R3. Creadas ferramentas de comunicación sobre A Coruña global.

R4. Realizadas memorias anuais de acción exterior e monitorizadas as actividades da acción exterior do concello.

OE2.Promover un fío de discurso común institucional e colectivo sobre A Coruña global.

R5.Institucionalizado Diálogo multinivel na acción exterior: Xunta, Estado e UE.

R6.Socializada a marca-cidade global entre a cidadanía as entidades centrais da acción exterior.

OE3.Multiplicar a presenza internacional da Coruña.

R7.Reforzada A Coruña como receptora de eventos internacionais vinculados ao mar, a gastronomía, os negocios, a cultura, o deporte e a ciencia e a innovación.

R9.Reforzada a internacionalización do tecido económico da cidade.

R8.Reforzada a presenza internacional da Coruña en eventos internacionais no exterior vinculados ao mar, a gastronomía, os negocios, a cultura, ao deporte e a ciencia e a innovación.

R10.Reforzada A Coruña como cidade defensora dos dereitos humanos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible 2015-2030.





TERCEIRA PARTE

O PLAN DE
ACTUACIÓN
2018-2020

7.0 PLAN DE ACTUACIÓN 2018-2020.

Como sinalamos en reiteradas ocasións ao longo do documento o marco de planificación da UE 2014-2020, a Axenda Urbana A Coruña Próxima 2030 e o propio Plan Estratéxico de Turismo da Coruña 2017-2020³⁷ son os marcos de referencia empregados para a delimitación cronolóxica das BAEX A Coruña, na idea de definir unha serie de resultados básicos que nos permitan ordenar, cohesionar e dotar de visión de futuro a actividade de acción exterior do concello, evitando dispersións e concentrando esforzos.

7.1.Misión e visión das BAEX A Coruña.

Así as cousas, establecemos unha Misión inmediata operativa para este documento de BAEX e unha Visión estratéxica para o medio e longo prazo, como primeiro chanzo para unha visión de século.

Misión:

A superación da cultura de proxectos illados e puntuais en relación co internacional, apostando por un imaxinario cohesionado e con arraigo na proxección internacional da Coruña, por medio do impulso de prácticas e sistematización mínima, común e flexible entre as áreas de actividade internacional do concello.

Visión:

A Coruña é unha cidade europea con capacidade de atracción global crecente, ben posicionada e de prestixio entre as cidades intermedias do mundo, económica e culturalmente atractiva e distinguida pola súa natureza xeoestratéxica e atlántica, creativa e solidaria.

³⁷.Dado que o PET 2017-2020 ten unha dimensión completamente central na estratexia do Concello en materia de promoción, para un desenvolvemento axeitado das BAEX A Coruña 2018-2020 o Consorcio de Turismo debера asumir como propio o documento facéndoo seu dende o seu peso específico na historia e na vida municipal da cidade.

A definición operativa das BAEX 2018-2020 como dimensión consciente da acción do goberno local, ten como obxectivos monitorizar, comunicar, promover e coordinar a xestión relacional das ligazóns internacionais da cidade e o Concello co

mundo, xa sexan estas institucionais, de promoción económica, culturais, educación, de solidariedade e cooperación ao desenvolvemento... en coordinación cos axentes públicos e privados máis activos na internacionalización da cidade.

7.2.Principios transversais.

As BAEX A Coruña nótrense dunha serie de principios transversais que deberán inspirar e estimular o desenvolvemento concreto das liñas de traballo da acción exterior da Coruña:

Aliñamento estratéxico e lealdade institucional:

O marco legal e o contexto institucional sinalado no punto 3 deste documento identifica as obrigas e os dereitos na relación do Concello coa Administración autonómica e estatal, que debe establecer un marco de colaboración institucional eficaz e leal, co que multiplicar impactos e gañar en coherencia.

Visión metropolitana:

A promoción exterior da cidade debe ter presente o proceso actual de construción da Área Metropolitana, agregando os valores tanxibles e intanxibles da cidade á acumulación de potencialidades da área urbana, económica e natural que representan os 10 concellos participantes nela.

Diálogo para o consenso político e social:

A acción exterior da cidade debera ser un espazo de encontro para as distintas forzas políticas e sociais presentes na cidade, procurando liñas básicas de consenso, co obxectivo de dotar de continuidade os esforzos institucionais por posicionar globalmente a cidade e a área metropolitana.

Liderado da Alcaldía, transversalidade municipal e implicación das distintas concellarías:

A Alcaldía pola natureza das súas funcións deberá asumir a coordinación nos esforzos por promover internacionalmente a cidade, facilitando un enfoque transversal dela.

Segundo o organigrama actual no Concello, os departamentos de Economía e Emprego, Cultura e Deportes, Educación e Igualdade e Diversidade serán no inicio da monitorización os máis intensamente vinculados á unidade de acción exterior, aínda que todas as concellarías deben sentirse parte da visión compartida de cidade global e participar da unidade de acción ao respecto.

Desenvolvemento sostible, Coherencia de políticas, Xustiza global e Dereitos Humanos:

Os esforzos por promover internacionalmente a cidade e especialmente a súa economía deberán estar sempre aliñados coa coherencia de políticas en relación á consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible 2015-2030 de Nacións Unidas, vixiando que as accións de promoción internacional non caian en contradición cos compromisos internacionais asumidos polo Concello en relación coa promoción dos dereitos humanos universais³⁸.

38.Os modelos de cooperación de banda ancha e compra pública responsable, por medio de licitacións con enfoque de responsabilidade social e demais fórmulas son de facto unha vía na que seguir a profundizar nesa relación do local co global.

7.3.A Marca Cidade: «A Coruña sempre aberta».

Para a proxección exterior da cidade, precísase en primeiro lugar procrear unha narrativa que lle permita á cidade promoverse con eficacia no contexto global. Precisamos imaxes e relatos que poñan en valor todas as nosas capacidades para promover a marca-cidade.

Baseándonos no desenvolvemento do PET 2017-2020 e na procura destes obxectivos, o 27 de decembro de 2017 o Concello presentou a nova marca da cidade; «A Coruña Sempre Aberta», distinguida como proposta gañadora do concurso público promovido polo Consorcio de Turismo. A imaxe e o slogan seleccionados, obra do autor Antón Lezcano serán utilizados na comunicación turística e internacional do concello e transmitirán os valores e as potencialidades da cidade-marca definidos polo PET 2017-2020.

A nova marca presenta a cidade como acolledora, creativa, cosmopolita e atlántica, definindo un punto de partida para un city marketing que transcende os públicos turísticos, polo que pode ser perfectamente asumida como marca-cidade global dentro das BAEX A Coruña. Así as cousas, cómpre apropiarse da marca-cidade definida no PET para a propia proxección global da cidade a todos os niveis e dende todos os sectores, apostando por unha marca que facilmente multiplica os seus sentidos:

A Coruña sempre aberta!

Ao #coñecemento.

Ao #mar.

Á #ciencia.

Aos #deportes.

Ás #culturas.

Aos #negocios.

Á #creatividade.

Ao #turismo.

Ao #mundo.

Á #innovación.

Hai que apuntar finalmente que á hora de pensar na proxección e relato internacional da cidade haberá que ter presente formas de convivencia e complementariedade da marca turística do PET, co proxecto de planificación estratéxica integral que para a cidade representa a Axenda Urbana Coruña Próxima 2030.



7.4. Áreas temáticas e xeográficas de interese.

A Coruña é xa unha cidade internacional con vínculos nos cinco continentes; froito da súa historia, particularidades como cidade dentro de Galicia e da súa inserción nos circuitos económicos, culturais, deportivos ou educativos globais.

Así as cousas como punto de partida dunha política local de acción exterior teremos que ser flexibles á hora de delimitar áreas temáticas e xeográficas de interese ou prioritarias, mais será un exercicio eficaz para encadrar as nosas accións e relato exterior e non dispersar os nosos esforzos transmitindo unha visión clara da nosa estratexia internacional.

Dende os principios transversais das BAEX, o aliñamento institucional define a primeira aproximación e información da prioridade da conectividade internacional da cidade, definida na Estratexia Galega de Acción Exterior 2020 e o Plan Estratéxico de Turismo 2017-2020. A partir deste marco xeral de información relevante haberá que identificar as prioridades locais para evitar dispersións con realismo, desde opcións temáticas concretas tendo presentes vínculos institucionais, económicos, culturais, migratorios ou históricos.

Áreas xeográficas:

Como marco xeral das nosas áreas xeográfica e temáticas de interese as que delimitan o Plan Estratéxico de Turismo 2017-2020 e a Estratexia Galega de Acción Exterior de Galicia Post 2020, que se asumen nas BAEX como documentos conectados, cómpre significar ademais de maneira especial, no marco xeral da Acción Exterior de Galicia, a Lei Paz Andrade 1/2014 da Xunta de Galicia para o aproveitamento do portugués e os vínculos cos países da lusofonía. Ambos realizan unha análise detallada e minuciosa de maneira sectorializada dos países e nalgúns casos rexións de interese para o atracción turística na Coruña e xeral na EGAEX Post 2020.

No seguinte cadro indicamos as áreas xeográficas prioritarias de ambos os documentos, nos que Portugal e a Unión Europea sobresaen de maneira natural.

ÁREAS XEOGRÁFICAS	
Egaex Post 2020	Portugal, UE, Extra UE (Suíza, Noruega...) Hispanoamérica e Brasil, Norteamérica (Massachusetts, Florida, Texas, Ontario e Québec), Norte de África (Marrocos e Sáhara) África subsahariana (África lusófona e Guinea Ecuatorial) e Oriente Medio e Asia-Pacífico (Israel, Filipinas, Corea do Sur e Xapón).
Plan estratéxico de turismo 2017-2020	Europa occidental (Reino Unido, Francia, Portugal, Italia, Alemaña e Holanda) e sectorializado.

Máis alá deste marco de operacións xerais debemos contar tamén cunha serie de indicadores críticos vinculados á propia realidade histórica e sociocultural da cidade. Os consulados presentes na cidade e a realidade dos fluxos migratorios da cidade, os vinculados a diáspora galega e coruñesa e a propia recepción de inmigración actual na cidade.

ÁREAS XEOGRÁFICAS	
Consulados	Bélxica, Dinamarca, Francia, Noruega, Portugal, Italia, Panamá, Turquía, República Dominicana, Suecia, Finlandia, Lituania, EUA, Grecia e Cabo Verde.
Diáspora	Uruguai, Venezuela, Arxentina, Cuba.
Inmigración na cidade	Senegal, Romanía...

Ademais non cómpre esquecer a dimensión local desta análise e o vitalismo da sociedade civil por si propia, que incidirá criticamente na xeración de oportunidades.

Áreas temáticas:

Os vectores relevantes que delimita a Marca Coruña establecida polo PET sérvennos como guía para identificar espazos e áreas de interese que nos vai fortalecer, estimular e procurar nas nosas relacións co internacional, por compartir afinidades e elementos críticos de complementariedade.

- Cidade atlántica, marítima e portuaria.
- Cidade acolledora «Ninguén é forasteiro».
- Creativa (efecto Inditex, economía verde e TIC).
- Gastronomía.
- Eventos e cultura pop.
- Infraestruturas culturais e profesionais.

Ao mesmo tempo o Camiño de Santiago e o Xacobeo, como acontecementos e infraestruturas relevantes para toda Galicia e o seu sistema urbano, completan as áreas temáticas prioritarias, á hora de procurar pares, sinerxías e complementariedades con outras cidades e entidades galegas e internacionais.


A identificación de cidade con estas características temáticas vainos axudar a asociarnos con socios complementarios e compatibles, que nos permitan intercambiar experiencias e promover accións conxuntas da maneira máis eficaz e eficiente posibles e no caso das redes temáticas ou acordos de colaboración bilaterais ou irmandamentos, procurando exercer de *lobby* nos espazos axeitados concentrando esforzos.

No momento de definir accións puntuais ou estratexias estables (plan de traballos anual ou plurianual) tanto as áreas xeográficas identificadas como as temáticas serán un termómetro imprescindible para identificar a pertinencia da relación, viaxes, colaboracións...




7.5. Áreas temáticas e xeográficas de interese.

Presentamos neste punto a definición concreta do plan de actuación das BAEX A Coruña 2018-2020, na idea de ofrecer unha folia de ruta axeitada segundo a análise da situación que nos ofreceu a diagnose interna e externa realizada ao longo do documento e que definimos no punto 6 de definición do Marco Lóxico de actuación.




OBXECTIVO ESPECÍFICO	RESULTADOS	DESCRIPCIÓN BÁSICA	ACTIVIDADES CHAVE
OE1. Normalizar a acción exterior na vida do concello	R1. Creada unha unidade de coordinación da Acción Exterior do Concello.	Faise necesario contar coa identificación dunha unidade responsable de referencia que xestione, coordine e visibilice a acción exterior do concello. O departamento debora ser dependente da Alcaldía e prioritariamente vincularse á captación de fondos europeos e as funcións tradicionais das área de protocolo (irmandamentos, acordos bilaterais e participación en redes de cidades, recepcións internacionais.	<p>A1.1. Declaración política do Pleno (febreiro 2019).</p> <p>A1.2. Identificar unidade e responsables técnicos da acción exterior municipal na RPT municipal. (setembro 2019).</p> <p>A1.3. Visibilizar a unidade de acción exterior no organigrama municipal. (setembro 2019).</p> <p>A1.4. Avaliación do Plan de actuación BAEX A Coruña (1º semestre 2021).</p>
	R2. Creado un circuíto de información interdepartamental entre os traballadores dos servizos municipais e o goberno local.	Faise necesario crear un sistema de comunicación interno, tanto entre os servizos administrativos como entre as concellarías, para xerar un ecosistema dinámico e informado en materia exterior.	<p>A2.1. Xuntanzas semestrais de coordinación da acción exterior. (setembro 2019).</p> <p>A2.2. Definir o modelo de participación en redes e os criterios de participación (setembro 2019).</p>
	R3. Creadas e mantidas ferramentas de comunicación sobre A Coruña global.	Faise necesario contar cunha web municipal e ferramentas audiovisuais e físicas de presentación da cidade en clave internacional, en múltiples idiomas, unha oficina virtual aberta ao mundo, que ao mesmo tempo exerce de ferramenta de sensibilización para a relevancia da internacionalización entre a cidadanía e sociedade civil.	<p>A3.1. Creación de páxina web e actualización permanente (setembro 2019).</p> <p>A3.2. Creación de material audiovisual (setembro 2019).</p> <p>A3.3. Creación de publicación básica en idiomas de presentación da cidade (setembro 2019).</p>
	R4. Realizadas Memorias anuais de acción exterior e monitorizadas as actividades da acción exterior do Concello.	Faise necesario para impulsar unha visión cohesionada da acción exterior ser capaces de monitorizar toda a información internacional vinculada ao Concello e que a mesma fiquen rexistrada en Memorias anuais	<p>A4.1. Monitorización da actividade internacional do Concello e a súa sociedade civil. (Dende A4.1, setembro 2019).</p> <p>A4.2. Distribución online das memorias anuais (xaneiro 2020 e 2021).</p>



OBXECTIVO ESPECÍFICO	RESULTADOS	DESCRIPCIÓN BÁSICA	ACTIVIDADES CHAVE
OE2. Promover un fío de discurso común de cidade da Coruña global	R5. Institucionalizado Diálogo multinivel para a acción exterior coa Xunta de Galicia e outras institucións públicas (Deputación da Coruña, Marca España, Fundación Galicia Europa...).	Faise necesario introducir a axenda exterior nas relacións bilaterais coas restantes administracións con presenza na Coruña e de maneira especial coa Xunta de Galicia, arredor da EGAEX Post 2020.	A5.1. Xuntanzas semestrais coa Dirección Xeral de Exteriores e a UE da Xunta de Galicia e Deputación da Coruña. (decembro 2019).
	R6. Socializada a marca-cidade e a conectividade global da cidade e área metropolitana entre a cidadanía e as entidades centrais da acción exterior.	Faise necesario impulsar o papel de facilitador, de xestor relacional do Concello en materia de acción exterior. A presentación das BAEX A Coruña 2018-2020 representaría o momento idóneo para visibilizar e capacitar a cidadanía, a institución e os axentes centrais da internacionalización da cidade, na necesidade dunha acción exterior coordinada.	A6.1. Realización dun seminario público sobre acción exterior da cidade (marzo 2019). A.6.2. Creación do Consello Local de Acción Exterior (novembro 2019). A.6.3. Alianza coa Universidade da Coruña e IGADI para o impulso da Cátedra de Acción Exterior e paradiplomacia de cidades. (novembro 20219). A.6.4. Foro A Coruña global ³⁹ (marzo 2020).

39.O Foro A Coruña global sería un evento e xornadas onde visibilizar a presenza internacional da Coruña, tanto por medio da súa sociedade civil e empresas como do traballo do departamento de acción exterior do Concello. Debera nacer con vocación bianual en colaboración co Consello Local de Acción Exterior, implicando tamén a Deputación da Coruña e a Xunta de Galicia.




OBXECTIVO ESPECÍFICO	RESULTADOS	DESCRIPCIÓN BÁSICA	ACTIVIDADES CHAVE
OE3. Multiplicar a presenza internacional da Coruña	R7. Reforzada A Coruña como receptora de eventos internacionais vinculados co mar, a gastronomía, os negocios, a cultura, ao deporte e a ciencia e a innovación.	A recepción de eventos internacionais ademais de fortalecer o turismo multiplica o impacto da marca da cidade no mundo, polo que o acollemento de eventos internacionais nas áreas referidas debe ser incentivado cunha disposición clara desde o Goberno local e indicacións económicas acordadas nos distintos servizos.	A7.1. Definir liñas de apoio económico e institucional a entidades da cidade organizadoras de eventos internacionais na Coruña. (liñas de subvencións 2020).
	R8. Reforzada a presenza internacional da Coruña en eventos internacionais no exterior vinculados ao mar, a gastronomía, os negocios, a cultura, ao deporte e a ciencia e a innovación.	A participación en eventos internacionais de entidades da sociedade civil da Coruña, ao tempo que reforza o traballo e a conectividade internacional das entidades, impacta e multiplica o impacto da marca cidade no mundo.	A8.1. Definir liñas de apoio económico e institucional a entidades da cidade con vontade de participar en eventos internacionais no exterior. (liñas de subvencións 2020).
	R9. Reforzada a internacionalización do tecido económico e cultural da cidade.	Apoiar a internacionalización das PEMES da Coruña e os actores centrais da súa internacionalización económica e cultural.	A9.1. Reforzar a liña de internacionalización nas convocatorias de promoción económica. (liñas de subvencións 2020).
	R10. Reforzada A Coruña como cidade defensora dos dereitos humanos e a Axenda 2030.	A tradición solidaria do concello e o actual compromiso como cidade-refuxio debe ser visibilizada co apoio a políticas de cooperación internacional.	A9.1. Participación activa no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade (2019 e 2020). A9.2. Declaración e Plan Compromiso Axenda 2030 ⁴⁰ (decembro 2019).

40.O Foro A Coruña global sería un evento e xornadas onde visibilizar a presenza internacional da Coruña, tanto por medio da súa sociedade civil e empresas como do traballo do departamento de acción exterior do Concello. Debera nacer con vocación bianual en colaboración co Consello Local de Acción Exterior, implicando tamén a Deputación da Coruña e a Xunta de Galicia.

8. BIBLIOGRAFÍA.

- ALLAS PROYECTO (2012-2015): «Cuadernos para la internacionalización de las ciudades», www.proyectoallas.net.
- BADÍA I DALMASES, F. (2009): «Los gobiernos locales en la acción exterior: Una visión desde Catalunya», CIDOB, Barcelona
- HEREDADO DÍAS e CHAVES MARTÍN (2015): «Las asociaciones marca producto marca ciudad como estrategia de city branding: New York, París e Londres», Universidad Complutense de Madrid.
- BORJA, J. e CASTELLS, M. (1997): «Local y global, la gestión de las ciudades en la era de la información», Madrid, Taurus.
- CASTELLS, M. (2006): «La Sociedad Red: Una visión global», Madrid, Alianza.
- CASTELLS, M. (2017): «El poder de las ciudades en un mundo de redes» en *VANGUARDIA Dossier*, num. 67 «El poder de las ciudades».
- CANCELADA OUTEDA, C. (2008): «Unha ollada a paradiplomacia galega» en *Tempo Exterior* nº 17, IGADI.
- CIUDADES Y GOBIERNOS LOCALES UNIDOS (CGLU) (2016): «Objetivos de Desarrollo Sostenible. Lo que los Gobiernos Locales deben saber», CGLU.
- CHICAGO'S COUNCIL OF GLOBAL AFFAIRS (2017): «Chicago's Global Strategy. A model for effectively engaging the world», COUNCIL OF GLOBAL AFFAIRS.
- CONCELLO DA CORUÑA (2017): «Estrategia integrada EIDUS-Coruña».
- CONSORCIO DE TURISMO DE CORUÑA (2017): «Plan Estratégico de Turismo de A Coruña 2017-2020».
- DIPUTACIÓ DE BARCELONA (2014): «Guía metodològica per a l'elaboració de Plans de projecció internacional», Direcció de Relacions Internacionals.
- DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES E A UE, XUNTA DE GALICIA (2017): «Estratexia Galega de Acción Exterior (EGAEX) Horizonte Post 2020».
- FERNÁNDEZ DE LOSADA PASSOLS, A. (2014): «Revisión conceptual del fenómeno de la inserción internacional de los gobiernos locales y regionales» en *Clib BCN*. Barcelona, España.
- GARCÍA PÉREZ, RAFAEL (2014): «La proyección internacional de las Comunidades Autónomas en la Ley de la Acción y del servicio exterior del Estado: Autonomía territorial y unidad de acción de la política exterior» en *Revista Electrónica de Estudios Internacionales*.

- 
- GUILLERMO JIMÉNEZ (2012): «Territorios, internacionalización y desarrollo. Aproximación teórica a una realidad evidente» en *Revista científica Guillermo de Ockham*.
 - GONZÁLEZ PALAU, D.(2009): «Irmandamentos en Galicia: Globalización, redes e goberno local», IGADI.
 - NACIONS UNIDAS (2016): «Agenda de Desarrollo post-2015», Departamento de Asuntos Económicos e Sociais (DAES).
 - PENA PEÑABAD (2015): «30 años de España en la Unión Europea: Os impactos na administración local. O caso da Coruña».
 - PRECEDO LEDO, IGLESIAS e FERNANDEZ JUSTO (2008): «Galicia: El tránsito hacia una sociedad urbana en el contexto de la Unión Europea» en *Revista galega de economía*.
 - RIDAO MARTÍN, J. (2015): «La acción exterior de las Comunidades Autónomas a revisión: El regreso a una concepción expansiva de las relaciones internacionales del Estado» en *Revista General de Derecho Constitucional*.
 - RÍOS PAREDES, X. (2012): «Nós no mundo, Unha política exterior para Galicia», Edicións Xerais.
 - SANZ, L. RAY, F. (2013), «La construcción de ciudades modelo y su proyección internacional. Los casos de Bilbao, Ciudad de México y Singapur». Anteproyecto de Tesis Doctoral. Departamento de Derecho Internacional 109 Público, Relaciones Internacionales e Historia del Derecho, Universidad del País Vasco / Euskal Herriko Unibertsitatea.
 - SHEA BAIRD K. (2017): «A new international municipalist movement is on the rise – from small victories to global alternatives», OPENDEMOCRACY.